

RÚBRICA PARA A CORRECCIÓN DE TRABALLOS ESCRITOS (recollida na programación)

OBXECTIVO		PUNTOS	EXCELENTE: 4	ALTO: 3	BAJO: 2	ESCASO: 1
CONTIDO	1		O tema obxecto do traballo trátase de forma creativa, sorprendente, amena, única.	O tema trátase con certa orixinalidade e de forma amena.	O tema desenvolveuse (ou parece) a partir dun traballo xa existente.	O traballo non é/parece orixinal nin de autoría propia.
	2		Cobre o tema obxecto do traballo con profundidade.	Cobre o tema obxecto do traballo de forma adecuada.	Apenas inclúe a información esencial do tema.	A información sobre o tema é escasa.
	3		O texto mostra que o coñecemento do tema é excelente.	O texto mostra que o coñecemento do tema parece ser bo.	O texto mostra certos erros na asimilación do contido.	O texto mostra erros ou carencias na asimilación do contido.
	4		Empréganse de forma profusa imaxes e/ou infografías que complementan e axudan á comprensión do tema.	Empréganse varias imaxes e/ou infografías que complementan e axudan á comprensión do tema.	Apenas se empregan imaxes e/ou infografías, ou non achegan nin axudan á comprensión do tema obxecto do traballo.	Non se empregan imaxes nin infografías no traballo.
	5		O texto garda unidade temática e coidouse a súa claridade, respectando a estrutura gramatical.	O texto garda unidade temática e coidouse a súa claridade, pero non se respectou a estrutura gramatical.	O texto garda unidade temática, pero non se coidou a súa claridade nin se respectou a estrutura gramatical.	O texto non garda unidade temática e non se coidou a súa claridade; é unha unión de distintos textos.
	6		Non hai erros ortográficos nin gramaticais en todo o traballo.	O traballo ten entre 1 e 5 erros ortográficos ou gramaticais.	O traballo ten entre 6 e 10 erros ortográficos ou gramaticais.	O traballo ten 6 ou máis erros ortográficos ou gramaticais.
ORGANIZACIÓN	7		A portada engancha e introduce o tema obxecto do traballo e aos autores, e é seguida por un índice.	A portada é seguida por un índice do traballo.	A portada é orixinal e introduce o tema obxecto do traballo e aos autores, pero carece de índice.	A portada non é orixinal ou non introduce o tema obxecto do traballo ou aos autores, e carece de índice.
	8		O contido do traballo está ben estruturado: unha idea segue á outra nunha secuencia lóxica, con transicións e uso de títulos claros, mantendo o formato. É fácil de ler.	O traballo está bastante organizado; aínda que algunha idea parece fóra de lugar, as transicións entre o resto son lóxicas e a orde empregada é clara. Ademais, mantense o formato, facilitando a súa lectura.	O traballo é un pouco difícil de seguir: algunhas ideas parecen fóra de lugar, ou se empregaron mal as transicións entre elas, a orde e/ou o formato.	As ideas dentro do traballo parecen estar ordenadas ao chou, con algunhas totalmente fóra de lugar. Ademais, non se mantén o formato, custa lelo.
	9		O final do traballo é orixinal, e inclúe unha reflexión profunda e conclusións.	O final do traballo inclúe unha reflexión e conclusións.	O final do traballo inclúe conclusións, pero sen apenas reflexión, e/ou parecen copiadas.	O final do traballo non inclúe reflexión nin conclusións, ou aparecen pero están copiadas doutra fonte.
	10		A extensión do traballo cínquese ao solicitado pola profesora	A extensión é lixeiramente superior ou inferior á solicitada, sendo todo relevante.	A extensión cínquese ao solicitado, pero á conta de eliminar partes importantes ou engadir contido sen lóxica.	A extensión é notablemente superior ou inferior á solicitada.